



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

DECRETO 190/2007

CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA

En virtude do disposto no artigo 40 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, en consonancia co artigo 210.2 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia **RESOLVO CONVOCAR** Sesión deste Concello en Pleno Extraordinario a celebrar na Casa da Cultura do Concello, na hora e data indicados e con suxeición a Orde do Día que se indica.

Resultando necesaria a celebración de sesión extraordinaria do Concello Pleno para dar cumprimento ó establecido no artigo 38 do ROF, en uso das facultades que me confire o art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL.

Clase de Sesión.....	EXTRAORDINARIA
Data da Sesión:.....	19 de decembro
Hora de celebración en primeira convocatoria:.....	21:00 horas

ORDE DO DÍA

1. APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE A SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 28 DE NOVIEMBRE DE 2007.
2. A PROBABACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DA RECLAMACIÓN FORMULADA Á ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE RECOLLIDA DO LIXO E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.
3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACEPTACIÓN A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE INFRAESTRUCTURA RURAL POLA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL.
4. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO DE AMPLIACIÓN DA REDE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA NO CONCELLO.
5. APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO PRESUPOSTO XENERAL PARA O ANO 2008

Notifíquese esta Resolución ós Señores Concelleiros e publíquese no Taboleiro de Anuncios de este Concello. A partir desta data teñen a súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do Concello.

En Mesía, 14 de decembro de dous mil sete.

O ALCALDE

Ante min A SECRETARIA ,

D. Mariano Iglesias Castro.

D^a. M^a Fernanda Montero Parapar.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 19 DE DECEMBRO DE 2007

ALCALDE:

D. Mariano Iglesias Castro PSdeG – PSOE

CONCELLEIRO/AS:

D. José Joaquín López Ares. PSdeG – PSOE

D. Antonio Quindimil García. PSdeG – PSOE

D. José Ángel Sánchez Sánchez. PSdeG – PSOE

D^a Pilar Sánchez Ulloa. PSdeG – PSOE

D. Gervasio Sánchez Barreiro. PSdeG – PSOE

D. Severino Álvarez Monteserín. PP

D^a María José Quindimil Suárez. PP

D. Pedro M. Pedreira Candal. BNG

D. Manoel Bello Salvado. BNG

AUSENTES:

D. Ciriaco Varela Rotger PP

(Non xustifican a súa ausencia.)

SECRETARIA :

D^a M^a Fernanda Montero Parapar.

En Mesía, a 19 de decembro de 2007, sendo as vinte e unha horas, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición os expedientes da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Presidente declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a trata-los seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 28 DE NOVEMBRO DE 2007.

Abre a sesión o Sr. Alcalde explicando que se abstén na votación da acta por non asistir a Sesión Plenaria celebrada o 28 de novembro de 2007.

Seguidamente o Sr. Alcalde pregunta se por parte dos concelleiros se quere facer algunha aclaración do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria de 28 de novembro de 2007.

Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación do acordo, adoptándose por **unanimidade** dos membros presentes, non estando na sala o concelleiro do PSOE, D. Xoaquín López Ares.

En consecuencia, se eleva a definitiva para a súa transcripción ó Libro de Actas.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DA RECLAMACIÓN FORMULADA Á ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE RECOLLIDA DO LIXO E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.

Comeza o Sr. Alcalde dicindo que no 2º punto da orde do día preténdese aprobar a resolución da reclamación formulada por Don Juan Varela Fernández a Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa de Recollida do Lixo e Servizos Complementarios, pasándolle a palabra a Secretaria para que de lectura a proposta de Alcaldía onde se especifican os acordos que procede adoptar.

Sendo as vinte e unha horas e sete minutos entra na sala o Sr. Xoaquín López Ares.

A continuación a Secretaria fai lectura da proposta da que o seu teor literal di:

“Visto o acordo adoptado polo Pleno Municipal en sesión celebrada o día 6 de outubro de 2007 de aprobación provisional da Ordenanza fiscal reguladora da Taxa de Recollida de Lixo e Servizos Complementarios.

Considerando que o citado acordo foi exposto ó público, según anuncio de exposición pública insertado no BOP número 246, de data 24 de outubro de 2007, os efectos de presentar reclamacións, de conformidade co previsto polos apartados 1 e 2 do artigo 17 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Considerando que dentro do prazo de exposición pública legalmente previsto presentouse escrito de alegacións por parte de D. Xosé Luís Varela Fernández, con DNI 76.330.390-Z.

Considerando que as alegacións concréntanse nos motivos que seguidamente se detallan:

- A ordenanza fiscal non presenta estudio económico que xustifique a taxas aplicada.
- As taxas aplicadas son as mesmas que as da ordenanza que foi anulada pola sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, non entendéndoas por tanto conforme a dereito.

Considerando que os motivos alegados polo reclamante deben ser desestimados en base os argumentos que se expoñen no informe elaborado ao efecto pola Secretaria- Interventora, de data 13 de decembro de 2007, e que se concretan a continuación:

1º.- En relación coa primeira alegación, xustifícase a súa desestimación no seguinte: no novo informe técnico económico para a imposición e ordenación da taxa por recollida do lixo e servizos complementarios, de data 26 de setembro de 2007, recollense cada un dos extremos esixidos pola sentenza 29 de outubro de 1999, sentenza a que fai referencia a sentenza 13/2007 da Sala do Contencioso do TSX de Galicia, cando explica cal debe selo contido do informe.

- *Gastos de persoal.*
- *Gastos correntes (mantemento infraestructuras, gastos non inventariables, combustibles, vestiario, suministros primas de seguro, etc. Custes da empresa contratada e sogama).*
- *Gastos de amortizacións.*
- *Gastos de recadación.*
- *Non existen cargas financeiras.*



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Con esta exposición resólvese a primeira alegación formulada a ordenanza, xa que o informe técnico financeiro elaborado non solo recolle cada un dos requisitos esixidos polo Lei senón que ademais serve de garantía para xustificar que a Taxa establecida non supera o custe do servizo ou actividade, xa que no informe aparacen desglosados cada un dos usuarios do servizo, as tarifas aplicables, e o importe total a satisfacer por cada colectivo.

2º.- Respecto a alegación sobre o importe das tarifas enténdese que o Tribunal Superior de Xustiza non se pronunciou en contra das mesmas, polo que ese non foi o motivo de anulación da citada ordenanza.

A determinación do custe do servizo recollido na ordenanza anterior basébase nun estudio para calcular as tarifas aplicables aos usuarios do servizo, que reparte o custe entre os usuarios en base a capacidade para producir residuos atendendo ao tipo de actividade de que se trate.

A expresión “calquera restaurante de Mesía, recibe máis visitante nun fin de semana que a casa en todo o ano”, usada na alegación formulada a ordenanza, non é un motivo a ter en conta no momento de determinalo importe da tarifa aplicable pois con ela o que se grava é a posibilidade efectiva do uso do servizo, sendo imposible indagar un por un o lixo xerado por cada usuario a partir do uso efectivo que cada suxeito pasivo fixera do servizo.

Por todo elo, o Alcalde propón o Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Desestimar a alegación presentada por D.Xosé Luís Fernández Varela, polos motivos refrexados na parte expositiva do acordo.

Segundo: Aprobado definitivamente a Ordenanza Fiscal, Reguladora da Taxa de Recollida de Lixo e Servizos Complementarios.

Terceiro: Publicar no Boletín Oficial da Provincia o Texto integro da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa de Recollida de Lixo e Servizos Complementarios

Cuarto: Notificar este acordo ó Sr Xosé Luís Varela para o seu coñecemento”.

Terminada a lectura da proposta, polo Sr. Alcalde ábrese unha quenda de intervencións co que haxa que dicir ó respecto, pasándolle a palabra o portavoz do grupo municipal do BNG, que manifesta a súa conformidade coa proposta explicando que están a favor do acordo, e que as tarifas da Ordenanza Fiscal lle parecen axustadas a dereito, polo que as alegacións non teñen razón de ser.

Seguidamente pídelle o Sr. Severino Álvarez Monteserín a palabra ao Sr. Alcalde, explicando que o sentido do seu voto é favorable, porque considera que o problema ven de antes e non está no informe técnico económico, quere pensar que ningunha administración obra de mala fe con ningún veciño, pero en todo caso reclamar e un dereito que teñen os veciños.

Intervén o Sr. Mariano Iglesias Castro, Alcalde do Concello de Mesía, expoñendo que recoñece o dereito a reclamar que lles asiste os veciños, pero considera as tarifas elixidas son as correctas encontrándose avaladas nos informes xurídicos e técnicos, que se incorporan ao expediente.



Visto que ninguén ten mais que engadir procédese a votación do presente punto da orde do día aprobándose por **unanimidade** dos membros presentes da Corporación.

3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACEPTACIÓN A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE INFRAESTRUCTURA RURAL POLA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL.

Comeza o Sr. Alcalde dicindo que no 3º punto da orde do día preténdese aprobar a solicitude da subvención de Medio Rural, esta Consellería púxose en contacto co Concello, pedíndolle una relación das obras que consideráramos necesarias, presentóuselles un proxecto valorado destas obras, non estando de acordo co mesmo, obrigándonos a reducir a obra nun 30% , sendo os prezos que eles propoñen máis elevados cos nosos. Elixíronse os camiños que de maneira obxectiva están en peores condicións, non podendo chegar a axuda para o arranxo de camiños das doce parroquias pero tivémonos que adaptar aos cartos que nos ofreceron. Seguidamente o Alcalde pásalle a palabra a Secretaria para que de lectura a proposta de Alcaldía onde se especifican os acordos que procede adoptar.

A continuación a Secretaria fai lectura da proposta da que o seu teor literal di:

“O Concello de Mesía ante a notificación efectuada pola Consellería do Medio Rural, de realizar con cargo aos seus orzamentos as obras de infraestrutura rural consistente en Camiño vía Servizo N634 – Camiño Capilla (Lanzá) e Camiño da Tilleira Pequena – Camiño Cabruí – Curtis (Cabruí) e Camiño de Mande (Bascoi) e outros, manifesta a súa aceptación á execución da mesma en réxime de cooperación e comprométese a:

- Poner a disposición da Consellería do Medio Rural, libre de cargas e gravames todos os terreos necesarios para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións necesarias para levar adiante a mesma.
- Renunciar a calquera clase de tributo ou taxa por mor das obras.
- Continuar asumindo, despois da recepción das obras e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a súa explotación, mantemento e conservación.

Facúltase ao Alcalde - Presidente para a sinatura do correspondente Convenio de Cooperación”.

Terminada a lectura da proposta, polo Sr. Alcalde ábrese unha quenda de intervencións co que haxa que dicir ó respecto, pasándolle a palabra ao portavoz do grupo municipal do BNG, quen manifesta estar de acordo coa selección dos camiños.

Seguidamente pídelo o Sr. Severino Álvarez Monteserín a palabra ao Sr. Alcalde, explicando que o sentido do seu voto é favorable, porque o que é bo para Mesía e bo para todos.

Visto que ninguén ten mais que engadir procédese a votación do presente punto da orde do día aprobándose por **unanimidade** dos membros presentes da Corporación.



4. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO DE AMPLIACIÓN DA REDE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA NO CONCELLO

Comeza o Sr. Alcalde dicindo que no 4º punto da orde do día preténdese aprobar o proxecto de ampliación da rede de distribución de auga no concello de Mesía, así como todos aqueles puntos que figuran na proposta. Seguidamente o Alcalde pásalle a palabra a Secretaria para que de lectura a proposta de Alcaldía onde se especifican os acordos que procede adoptar.

A continuación a Secretaria fai lectura da proposta da que o seu teor literal di:

“No Plano Hidrolóxico de Galicia, e no período de planificación nel previsto, inclúense actuacións a realizar neste concello correspondentes ás obras sinaladas, segundo o proxecto remitido polo Concello a Augas de Galicia, cun orzamento de execución por contrata de 1.079.540.,74 €

Co fin de tramitalo expediente para proceder á execución das obras, e de acordo co Decreto 84/1997, do 10 de abril, (D.O.G. do 24.04.97), sobre colaboración técnica e financeira da Administración Hidráulica de Galicia coas entidades locais en materia de abastecemento e saneamento de augas, é necesario que por parte do concello de Mesía se remita a Augas de Galicia, o certificado que acredite a adopción polo Pleno do seguinte acordo:

Polo exposto propono ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobación do proxecto.

2º.- solicitar, á Presidencia do Organismo Autónomo Augas de Galicia, o financiamento do 100% do custo das obras.

3º.- Comprometerse a entrega dos terreos e auga necesarios para a execución das obras, así como tódalas autorizacións administrativas necesarias para a realización destas.

4º.- Renuncia expresa á retención de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local con motivo das obras.

5º.- Que se expoña ao público o proxecto durante 20 días hábiles.

6º.- Compromiso de asumila explotación, mantemento e conservación das obras, e de efectualos traballos ordenados pola inspección facultativa despois da súa execución.

7º.- Compromiso de actualización das tarifas pola prestación do servizo na medida axeitada ó custo das obras que se realizan, e a súa explotación e amortización (Art.. 9 f. do Decreto 84/1197).

O incremento de tarifas, debido o termo “amortización das instalacións construídas”, calcularase tendo en conta as seguintes consideracións:

1 Considerarase como inicio do período da amortización a data da saída da comunicación na que se indique ó Concello que ten a obra preparada para a súa recepción.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

- 2 O valor a amortizar será o custo final da infraestrutura de ABASTECIMENTO (incluíndo, no seu caso, modificados e liquidación das obras) que lle será comunicado ó Concello no mesmo escrito.
- 3 O tipo de xuro, a considerar para ó cálculo das anualidades que deberán repercutir nos prezos do m³, será fixo no tempo, e corresponderase ca EURIBOR na data do escrito xa mencionado no parágrafo 1. O período de amortización será de 20 anos.
- 4 A fórmula a empregar para o cálculo das devanditas anualidades será a seguinte:

$$a: \frac{C \cdot r (1 + r)^{20}}{(1 + r)^{20} - 1}$$

Onde:

C = Custo total da obra.

r = xuro.

a = cantidade total a incrementar nos prezos.

- 5 O incremento do prezo deberá ser aprobado antes do inicio da explotación da infraestrutura.
- 6 Da anualidade total, o 30 % ingresarase na Caixa de Augas de Galicia, e o 70 % restante aplicarase á realización de obras de infraestruturas hidráulicas a cargo do Concello.

NOTA: No caso de que o incremento do prezo da auga resultante fose moi elevado, poderáse optar pola súa modulación, en función da renda relativa municipal (táboa nº 1 do anexo), do factor corrector a aplicar ó incremento do prezo (táboa nº 2 do anexo), e durante o tempo que resulte (táboa nº 3 do anexo). Xúntanse como anexo a este escrito as táboas sinaladas e un exemplo práctico de cálculo.

8º._ Compromiso de ingresa-lo trinta por cento (30 %) da anualidade, calculada de acordo coa metodoloxía sinalada, na Caixa de Augas de Galicia, ó langa dun período de vinte (20) anos, e que se destinará á reposición de infraestruturas hidráulicas ou a construción doutras novas.

9º._ Facultar ó Sr. Alcalde -Presidente para solicita-lo financiamento”.

Terminada a lectura da proposta, polo Sr. Alcalde ábrese unha quenda de intervencións co que haxa que dicir ó respecto, pasándolle a palabra o portavoz do grupo municipal do BNG, quen pregunta sobre o sentido do punto oitavo, en relación o compromiso de ingresalo trinta por cento da anualidade nun período de 20 anos.

O Sr. Alcalde, explícalle o portavoz do BNG, que é unha cláusula que a día de hoxe non lle consta que fose aplicada en ningún concello, aínda que figure en tódolos convenios firmados por Augas de Galicia.

O Sr. Pedro Manuel Pedreira Candal, expón o sentido do seu voto, o seu partido vai votar a favor por tratarse dun proxecto de gran envergadura e moi beneficioso para o concello de Mesía, aínda que a dúbida maior é o seu mantemento e a viabilidade do



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

servizo unha vez posto en marcha, sendo polo tanto necesario que os ingresos que se recaden sexan integramente para o concello.

Seguidamente pídelle o Sr. Severino Álvarez Montesión a palabra ao Sr. Alcalde, explicando que o sentido do seu voto é favorable, pois é unha obra moi importante e necesaria.

O Sr. Alcalde, intervén para explicar que a obra ten por obxecto conectar o depósito coa rede xa existente e estendela a parroquias que aínda non teñen este servizo, para finalizado o proxecto esta chegue ao 80% das vivendas do concello de Mesía, quedando sen o subministro Visantóna, Olas e Bruma, porque enténdese que as parroquias que están preto do depósito son as primeiras que deben ter auga.

A previsión é que antes de rematala lexislatura todas as vivendas do concello teñan auga.

Visto que ninguén ten mais que engadir procédese a votación do presente punto da orde do día aprobándose por **unanimidade** dos membros presentes da Corporación.

1. APROBACIÓN, APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO PRESUPOSTO XENERAL PARA O ANO 2008

Comeza o Sr. Alcalde dicindo que no 5º punto da orde do día preténdese aprobar inicialmente o presuposto do concello de Mesía. Seguidamente o Alcalde pásalle a palabra a Secretaria para que de lectura a proposta de Alcaldía onde se especifican os acordos que procede adoptar.

A continuación a Secretaria fai lectura da proposta da que o seu teor literal di:

“Visto o Proxecto dos Orzamentos Xerais do Concello para o exercicio económico 2008 formado por esta Alcaldía, de acordo co disposto no artigo 162 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en concordancia co artigo 18 do Real Decreto 500/1990, informado pola Secretaría- Intervención deste Concello e cos documentos os que fai referencia o artigo 166 do Texto Refundido.

O Presidente desta Corporación propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar inicialmente, de conformidade co establecido no artigo 112 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e no artigo 168 do texto refundido, o Orzamento Xeral do concello de Mesía para o exercicio 2008, xunto cos seus anexos e documentación complementaria, que presenta, como resumo por capítulos orzamentarios, expresados en euros, o seguinte desglose. Ademais, aprobase a plantilla de persoal correspondente o exercicio 2008.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ESTADO DE GASTOS

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA		
<i>B) GASTOS, RESUMES POR CAPÍTULO</i>		
1. OPERACIÓN CORRENTES		
CAPÍTULO I	GASTOS DE PERSONAL	622.000,00
CAPÍTULO II	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVICIOS	563.500,00
CAPÍTULO III	GASTOS FINANCIEROS	17.000,00
CAPÍTULO IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	53.000,00
TOTAL OPERACIÓN CORRENTES		1.255.500,00
2. OPERACIÓN DE CAPITAL		
CAPÍTULO VI	INVESTIMENTOS REAIS	776.080,91
CAPÍTULO VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
CAPÍTULO VIII	ACTIVOS FINANCIEROS	2.000,00
CAPÍTULO IX	PASIVOS FINANCIEROS	19.000,00
TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL		797.080,91
TOTAL ORZAMENTO XERAL		2.052.580,91

ESTADO DE INGRESOS

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA		
<i>A) INGRESOS, RESUMES POR CAPÍTULO</i>		
1. OPERACIÓN CORRENTES		
CAPÍTULO I	IMPOSTOS DIRECTOS	326.200,00
CAPÍTULO II	IMPOSTOS INDIRECTOS	30.000,00
CAPÍTULO III	TAXAS E OUTROS INGRESOS	130.100,00
CAPÍTULO IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	951.830,01
CAPÍTULO V	INGRESOS PATRIMONIAIS	15.500,00
TOTAL OPERACIÓN CORRENTES		1.453.630,01
2. OPERACIÓN DE CAPITAL		
CAPÍTULO VI	ENAXENACIÓN INVESTIMENTOS REAIS	0,00
CAPÍTULO VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	596.950,90
CAPÍTULO VIII	ACTIVOS FINANCIEROS	2.000,00
CAPÍTULO IX	PASIVOS FINANCIEROS	0,00
TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL		598.950,22
TOTAL ORZAMENTO XERAL		2.052.580,91



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

PLANTILLA DE PERSOAL DO CONCELLO DE MESÍA

A) ALTOS CARGOS

Altos cargos	Dedicación
Alcalde	Exclusiva
Concelleiro	Exclusiva

B) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Funcionarios	Nº de Prazas	Grupo	Escala o Sector	Subescala	Situación
Secretario- Interventor	1	A	HN	S-I	Nomeamento Provisional.
Administrativo	2	C1	AG	Adva.	Propiedade
Aux. Administrativo	1	C2	AG	Adva.	Vacante
Subalterno	1	E	AG	Adva.	Propiedade

C) PERSOAL EVENTUAL

Denominación	Nª de Prazas	Vacantes	Titulación esixida
Persoal de confianza	1	1	Graduado escolar

D) PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Denominación	Nº Prazas	Vacantes	Categoría	Titulación esixida
Técnico especialista en redes	1	0	Técnico Medio	Diplomado
Tractorista	1	0	Operario	Certif. Escolaridade
Asistente domiciliaria	1	0	Operario	Certif. Escolaridade
Encargada da limpeza	1	0	Oficial	Certif. Escolaridade
Limpadoras	2	0	Operarios	Certif. Escolaridade
Conserxe do colexio	1	0	Oficial	Certif. Escolaridade

E) PERSONAL LABORAL TEMPORAL SUBVENCIONADO.

Denominación	Nº Prazas	Vacantes	Categoría	Titulación esixida
Técnico de emprego	1	0	Técnico Medio	Diplomado
Traballadora social	1	0	Técnico medio	Diplomado
Educadora social	1	0	Técnico medio	Diplomado
Informática	1	0	Técnico Medio	Diplomado
Mestra	1	0	Técnico Medio	Diplomado
Animadora Deportiva	1	0	Técnico Medio	Diplomado
Auxiliar administrativo	5	0	Auxiliar	Formación Profesional
Auxiliar axuda no fogar	10	0	Operario	Certif. Escolaridade
Peóns	8	0	Operarios	Certif. Escolaridade
Tractorista	1	0	Operarios	Certif. Escolaridade
Electricista	1	0	Operarios	Certif. Escolaridade
Fontaneiro	1	0	Operarios	Certif. Escolaridade
Encargado de obra	1	0	Oficial	Certif. Escolaridade



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Segundo. Aprobadas Bases de Execución do Orzamento Xeral para o exercicio 2008.

Terceiro. Expor ó público o presente acordo e darlle a publicidade establecida no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ós efectos de que no prazo dos quince días seguintes a súa publicación poidan examinalo os interesados e presentar as reclamacións oportunas.

Cuarto. O presente acordo entenderase aprobado definitivamente se durante o prazo de exposición ó público non se presentan reclamacións. Neste caso procederase a súa publicación, debidamente resumido por capítulos, no BOP”.

Terminada a lectura da proposta, o Sr. Alcalde explica a grandes rasgos o presuposto presentado para a súa aprobación:

O presuposto deste ano, como non podería ser doutra maneira, está totalmente cadrado.

Si aos ingresos correntes lles restamos os gastos correntes xeramos un aforro de aproximadamente 198.000 euros que nos permitiron complementar as inversións que nos veñen doutras Administracións Públicas.

A gastos de persoal destinamos un 30% do presuposto, concepto no que se ven reducindo o gasto dende o 2003.

Os gastos en ben correntes e servizos, supoñen un 27% do presuposto, gasto que tamén se ven reducindo dende o inicio da Lexislatura anterior.

En relación cos gastos financeiros, o gasto é o 0,8 do gasto total do presuposto, como se pode apreciar, este gasto é mínimo.

Nas transferencias correntes ponse de manifesto un gasto que supón un 2,6% do presuposto, sendo o gasto corrente total do concello un 60% do gasto total do presuposto, quedando para inversión un 40% do mesmo.

O capítulo de inversións reais tamén foi incrementando nos últimos anos.

Hai unha partida, destinada a anticipos de persoal, partida que se contempla no presuposto dende que entramos no concello, e que a día de hoxe non se usou, pero que está a disposición dos traballadores para paliar as necesidades que lles puideran surxir.

E por último o capítulo nove recolle a amortización de capital, supoñendo esta partida mais a dos intereses o 1,7% do gasto do concello.

Coido que este presuposto ten un gran calado social, o noso maior obxectivo e priorizar as necesidades dos veciños de Mesía, de esa forma tratouse de controlar o gasto corrente para poder incrementalas inversións.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Contémplanse melloras en cultura, actividades, cursos, viaxes... eta., aumentaron os medios humanos, nunca tanto persoal houbo na casa da cultura, melloras no medio ambiente, tendo unha rede viaria impecable, estamos a realizar pozos de auga, canalizacións de pluviais, partidas para obras en urbanismo, tamén se mellorou o crédito destinado a servizos sociais, pois as partidas que recollen estes créditos contemplan uns aumentos moi importantes e intentaremos mantelo mesmo equipo humano co que conta a día de hoxe este departamento.

Temos unha partida para axudas a infravivendas, vivendas nas que se poñen de manifesto as necesidades da súa rehabilitación, gracias os informes dos servizos sociais e técnicos do concello,

Incrementouse nun 73% as axudas as asociacións seguindo as pautas do noso programa electoral.

Ademais de todas estas inversións existen outras que temos apalabradas de Política Territorial e da Consellería de Educación, ascendendo a un total de 300.000 euros.

Rematada a exposición polo Sr. Alcalde ábrese unha quenda de intervencións co que haxa que dicir ó respecto, pasándolle a palabra o portavoz do grupo municipal do BNG, quen pregunta sobre o a previsión existente no presuposto en relación ao planeamento urbanístico, sobre a política do concello en materia de recollida do lixo, así como sobre a política industrial ou de empresa neste concello. Por outra banda se unha das máximas prioridades do Partido Socialista son os contratos indefinidos, por qué a maioría dos laborais son temporais.

Seguidamente intervén o Sr. Severino Álvarez Monteserín, preguntando sobre o compromiso da Consellería de Política Territorial, e o compromiso da Consellería de Educación.

O Sr. Alcalde contesta as preguntas formuladas polos portavoces do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego, explicando que as obras proxectadas no CPI, e subvencionadas pola Consellería de Educación, xa na lexislatura anterior foran pedidas por activa e por pasiva, a obra consiste nunha pasarela que une as dependencias do colexio co pavillón municipal, para que os nenos non se mollen, inicialmente se pediron aproximadamente 25.000 euros, considerandos hoxe insuficientes para poder realizala obra.

En relación coa Consellería de Política Territorial, a inversión céntrase na construción de beirarrúas na parroquia de Visantóña e na parroquia de Xanceda.

Por outra banda, e en relación ao planeamento urbanístico, trátase dunha subvención xa solicitada por acordo plenario, é un gasto plurianual, para o que o concello non vai escatimar esforzos, pero a súa redacción encóntrase subvencionada ao cen por cen, e ademais o cronograma de actuación ven marcado pola Xunta de Galicia.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Sería idóneo que a recollida de lixo fose selectiva pero si o custe da recollida de lixo xa é elevado no concello, a recollida selectiva non sería rentable nin no aspecto económico nin no medio ambiental pero si sería importante implantalo nos núcleos de poboación.

En relación coa pregunta sobre a política industrial no concello, a previsión de postos de traballo é a contemplada no cadro de persoal do presuposto, ademais, o concello conta cun Axente de Emprego e Desenrolo Local, destinado a asesoralos veciños de Mesía, no ámbito empresarial, pois é a persoa que máis coñecementos ten sobre a materia.

En relación aso contratos indefinidos, pódese dicir que alcanzar un contrato indefinido é unha máxima para tódolos cidadáns, pero se o concello de Mesía tivese traballadores indefinidos non podería ter nin a metade da plantilla coa que conta, polo tanto plantéxase unha alternativa, ou ben contamos con persoal laboral temporal para que sexan moitas as familias do concello as que poidan ter ingresos ou ben temos traballadores indefinidos é solo uns poucos teñen ingresos. Rescindirille o contrato a xente non é grato.

Intervén o portavoz do grupo municipal BNG, felicitando ao equipo de goberno pola redacción do presuposto, pois este ano estase a traballar cun presuposto prorrogado, pero vámonos abster porque somos escépticos no desenvolvemento do mesmo, pois aínda que cumpra os requisitos legais e preceptivos, e teña polo tanto unha aparencia técnica e neutra, tamén vemos que antes das eleccións gastáronse os cartos en farolas e zahorra de forma desmesurada.

Por outro lado, o concello non xera case ingresos, depéndese doutras Administracións, de modo que no hai imaxinación para obter novos ingresos, unicamente o incremento do aluguer da farmacia. E aínda que a obra de abastecemento da auga teña maior sentido que a obra das Brañas de Valga, trátase dunha obra faraónica, aínda que non quero dicir que estea mal.

Entendemos que se trata dun presuposto de xestión, de arranxar e manter o que hai, mais que de grades expectativas de futuro.

O portavoz do grupo municipal do PP, está decepcionado pola inversión do concello, pensaba que os concellos eran a Administración mais próxima os veciños, pero o final quen axuda son outras Administracións mais alonxadas e hai que mendigar para obter axudas. Eu sigo pensando que a os veciños de Mesía lles custamos moito os políticos, paréceme excesivo que polos servizos que lles prestamos recibamos eses ingresos. Estou convencido de que si mañá o concello de Mesía pecha as súas portas o 90% dos veciños non se enterarían, coincido co concelleiro de Lalín, o importante e agrupalos concellos.

Ante estas intervencións, o Sr. Alcalde manifesta que é consciente de que ante calquera presuposto que trouxera, os membros da oposición íanse abster, aínda que eu faría o mesmo, incluso sería mais crítico. Desde que tivemos competencias para a redacción do presuposto este se executou na súa totalidade, por encima das súas previsión iniciais.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Na forma de gasto dos cartos, xa se debateu no seu día sobre a miña profesión de vendedor que eu descoñecía, pero aínda que vostede non vexa ben o gasto en farolas e en zahorra feito na campaña electoral, o certo é que os resultados da votación dino todo. Con respecto a imaxinación nos gastos e nos ingresos, con respecto ao gasto, cando vostede atenda aos gastos imprescindibles, que non son poucos, despois déalle renda solta a súa imaxinación, pero respecto aos ingresos teño que entender das súas palabras que vostede aumentaría a presión fiscal, porque nun concello pequeno como o de Mesía, e con tan poucos recursos é difícil obter moitos máis ingresos. Respecto a expectativas de futuro, cada quen ve o que quere ver, pero o certo e que o concello de Mesía evolucionou moito nos últimos anos.

En contestación ao expresado polo Sr. Álvarez Monteserín, se cerrase o concello non se enterarían os veciños, teña por seguro que faigo todo o posible por acadar dos traballadores o máximo rendemento. Pero, coincido con vostede nunha cousa, que a eficacia e eficiencia dos traballadores podería ser maior.

En relación co custe dos veciños, na miña campaña electoral contáballe os veciños que o meu soldo sería o mesmo que o da empresa na que traballaba, e vostede dicía que non cobraría nada, e aínda así os veciños elixiron o partido máis caro.

O Sr. Álvarez Monteserín matiza que non se referiu a eficacia dos traballadores senón da institución.

Visto que ninguén ten mais que engadir procédese a votación do presente punto da orde do día aprobándose por **seis votos a favor dos membros do PSOE, e catro abstencións.**

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde -Presidente, sendo as vinte e dúas horas e dez minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretaria -Interventora, certifico.